



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: altas na Seguridade Social e formalización de contratos de 5 peóns de limpeza viaria para o Programa de Integración Laboral (PEL 2021)

Visto que por Resolución de Alcaldía se aprobou o proceso selectivo de persoal, para a 5 peóns na cuadrilla de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral (PEL concellos 2021),

Visto que foi presentada unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), oficina de Carballo, con data do 25/05/2021 e o día 04/06/2021 foron remitidos ao servizo de emprego e desenvolvemento local do Concello de Cabana de Bergantiños un total de 15 Curriculum Vitae (CV) no formulario da selección 5 da oferta 12-2021-4183 con número de RE nº800.

Realizada a comunicación vía telefónica da recepción dos CV aos candidatos propostos polo SPEG, e visto a non dispoñibilidade de moitos dos candidatos desempregados, foi necesario presentar un novo formulario de selección da mesma oferta, para o cal oficina de Carballo do servizo SPEG, reenviou un formulario da selección 6 da oferta 12-2021-4183, tal e como reflexa o expediente de selección, con RE nº 801 con data do 11/06/2021.

Visto que o dende o departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello, se contactou cos candidatos remitidos e os desempregados interesados no proceso de selección presentaron en tempo e forma as instancias, segundo o previsto na base 5 das bases aprobadas que rexen o proceso selectivo.

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar da realización da proba práctica, e vistas as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de limpeza viaria do día 28/06/2021 que inclúen a valoración da fase de concurso e a de oposición, así como a valoración total dos aspirantes e a proposta de adjudicación das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas.

Visto o decreto de nomeamento dos 5 peóns de limpeza viaria onde se outorgaba aos adjudicatarios que presentaran a documentación según o establecido na cláusula oitava das bases. Visto que os 5 candidatos seleccionados presentaron en tempo e forma a documentación solicitada, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local **RESOLVO:**

Primeiro: : dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato laboral temporal a 5 peóns de limpeza viaria, a xornada parcial (25h/semana) con unha duración de 4 meses. A data de inicio será o 12/07/2021 e a data de fin 11/11/2021 en horario de mañá de 08:00 a 13:00h de luns a venres. Os aspirantes nomeados como PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA forman parte do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación da Coruña (PEL2021):

- Parga Arán Marcos
- Varela Ordoñez María Victoria
- Figueiras García José Antonio
- Valiña Martínez Abel
- Souto Bermúdez María Josefa

Segundo: publicar na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección, e dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)